Arquivo da Pesca

Recuperación e posta en valor do arquivo histórico da Confraría de Pescadores de Caión

ARQUIVO DA PESCA

www.arquivodapesca.org
facebook.com/arquivodapesca
twitter.com/arquivodapesca

Descubre a historia da pesca en Caión

Praza Eduardo Vila Fano s/n
15145 - Caión (A Coruña)
Tel/fax. 981 60 40 05
info@arquivodapesca.org

Confraría Pescadores Caión



Costa da Morte grupos de acción costeira 2007-2013
www.accioncosteira.es
Europa inviste na pesca sustentable

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Pesca
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Colabora:
Concello da Laracha

Arquivo e exposición:
ADISMA

Un percorrido desde o século XVI ata a actualidade

O Arquivo da Pesca é un proxecto impulsado pola Confraría de Pescadores de Caión para a recuperación e posta en valor do seu arquivo histórico, a dignificación do oficio dos pescadores e a divulgación da cultura mariñeira.

O Arquivo da Pesca ten as súas instalacións nun edificio singular, propiedade da Confraría, construído no ano 1940. Alberga os fondos do arquivo e unha exposición permanente sobre a historia e a cultura mariñeira na vila de Caión. Conta con espazo para actividades formativas e culturais e a dinamización das iniciativas impulsadas pola organización.

A exposición permanente percorre a historia da vila a través da actividade pesqueira. Por medio de documentos, obxectos e paneis explicativos podemos coñecer o pasado de Caión. Desde os antigos baleeiros ata a época dourada da pesca no século XX. Desde as chalupas ata as tarrafas. Desde os aparellos tradicionais ata as innovacións tecnolóxicas. A pesca marcou a historia da vila.

A caza da balea comezou no século XVI e durante 170 anos foi a principal actividade pesqueira. Ao inicio, baleeiros vascos comandaron a actividade, pero co tempo foise creando unha auténtica industria local da caza e procesado das baleas na vila.

Durante os séculos XVIII e XIX continuou en Caión unha importante pesca tradicional, tanto para consumo propio como para venda ao exterior.

Xa no século XX produciuse a verdadeira expansión na actividade pesqueira. Nos anos 20 creouse a actual Confraría de Pescadores e despois fóronse sucedendo melloras nas embarcacións e nas técnicas de pesca, que permitiron aumentar a rendibilidade ata o momento de maior esplendor nos anos 60. Pouco a pouco, debido á sobrepesca, a actividade foi decaendo. Con todo, a pesca marca a esencia da vila de Caión, onde o mar sempre estará presente.

El Arquivo da Pesca es un proyecto impulsado por la Cofradía de Pescadores de Caión para la recuperación y puesta en valor de su archivo histórico, la dignificación del oficio de los pescadores y la divulgación de la cultura marinera.

El Arquivo da Pesca tiene sus instalaciones en un edificio singular, propiedad de la Cofradía, construído en el año 1940. Alberga los fondos del archivo y una exposición permanente sobre la historia y la cultura marinera en la villa de Caión. Cuenta con espacio para actividades formativas y culturales y la dinamización de iniciativas impulsadas por la organización.

La exposición permanente recorre la historia de la villa a través de la actividad pesquera. Por medio de documentos, objetos y paneles explicativos podemos conocer el pasado de Caión. Desde los antiguos balleneros hasta la época dorada de la pesca en el siglo XX. Desde las "chalupas" hasta las "tarrafas". Desde los aperejos tradicionales hasta las innovaciones tecnológicas. La pesca marcó la historia de la villa.

La caza de la ballena empezó en el siglo XVI y durante 170 años fué la principal actividad pesquera. Al principio, balleneros vascos comandaban la actividad, pero con el tiempo se creó una auténtica industria local de caza y procesado de ballenas en la villa.

Durante los siglos XVIII y XIX continuó en Caión una importante pesca tradicional, tanto para consumo propio como para venta al exterior.

Ya en el siglo XX se produjo la verdadera expansión en la actividad pesquera. En los años 20 se creó la actual Cofradía de Pescadores y después se sucedieron las mejoras en las embarcaciones y las técnicas de pesca, que permitieron aumentar las rentabilidad hasta el momento de mayor esplendor en los años 60. Poco a poco, debido a la sobrepesca, la actividad fue decayendo. Con todo, la pesca marca la esencia de la villa de Caión donde el mar estará siempre presente.